

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PEONIL NUN TRAMO DA ANTIGA N-634 EN MONDOÑEDO, QUE COINCIDE CO TRAZADO DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO NORTE, RUTA DA COSTA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Mondoñedo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da Mondoñedo para o proxecto de mellora da seguridade viaria peonil nun tramo da antiga N-634, que coincide co trazado do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa.

As actuacións terán lugar entre as coordenadas aproximadas X: 633282.9386 Y: 4811149.6633 e X: 633156.8826 Y:4810973.1157, e consistirán en:

- Roce e limpeza do terreo, retirada da terra vexetal, árbores e arbustos
- Demolición de superficies pavimentadas con formigón
- Recheo de terreo
- Escavación de gabias e pozos para a rede de drenaxe de pluviais e a rede subterránea de alumeado
- Execución de pozos de rexistro de formigón e instalación de tubaxes de pluviais
- Execución de imbornais e a súa conexión ós pozos con tubaxes
- Construción de bordo de formigón
- Extensión do firme da calzada



- Execución de beirarrúa con saburra artificial
- Pintado de marcas viais

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, de acordo co establecido no artigo 9.i) do Decreto 196/2012, de 27 de setembro, polo que se crea e se aproban os seus estatutos, ten entre as súas competencias e funcións a de dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, o mantemento e conservación dos distintos camiños e a súa sinalización así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Segundo.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro.- A peregrinación a Santiago de Compostela é unha tradición milenaria que se ten recuperado nos últimos anos como referente cultural e turístico.

O Camiño do Norte é un dos máis concorridos dos camiños que levan a Santiago de Compostela. Esta ruta comezou a adquirir relevancia na Idade Media cando as peregrinacións marítimas atoparon o seu apoxeo. O camiño transita pola costa asturiana e entra en Galicia pola Ría de Ribadeo, na provincia de Lugo. O camiño percorre por terras galegas un total de 189 km.

O Camiño do Norte foi recoñecido en 2015 como Patrimonio de Humanidade pola UNESCO, o máximo recoñecemento que pode recibir un ben cultural. Ademais do patrimonio arquitectónico neste camiño atopasen paisaxes considerados Reserva da Biosfera.



Cuarto.- O Concello de Mondoñedo atópase na ruta do Camiño do Norte. O último tramo da antiga N-634, de titularidade municipal, é o treito inmediatamente anterior á entrada na zona urbana de Mondoñedo e carece de beirarrúas, beiravías e iluminación pública.

A marxe sur da N-634 ten unha zona pavimentada con formigón desactivado de 1,7 m de ancho e 75 m de lonxitude. O resto do traxecto cara Mondoñedo faise polo terreo que hai xunto a beiravía.

A marxe norte da N-634 non ten ningún acondicionamento e carece de beiravías e de beirarrúas. Os veciños e peregrinos circulan polas marxes da estrada, cando hai espazo, ou pola propia calzada de non habelo. Persoas e vehículos deben compartir espazo.

As condicións descritas no último tramo da antiga N-634 antes de acceder ao núcleo urbano de Mondoñedo, non son as axeitadas para garantir un tránsito peonil seguro. As actuacións que se pretenden desenvolver mellorarán a seguridade viaria en xeral e particularmente a peonil neste tramo de estrada, que comparte traza co Camiño de Santiago do Norte, mediante unha beirarrúa de dous metros de ancho, que dote a vía de espazos segregados para os distintos usuarios en condicións de seguridade.

As ditas actuacións localízanse xunto á antiga N-634, en torno a medio quilómetro do solo urbano de Mondoñedo e a ponte sobre o rego Valiñadares, vindo de Lourenzá, ó seu paso polos lugares de Xiros e San Paio.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Mondoñedo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente da Axencia Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

